

RESOLUCIÓN do 21 de setembro de 2023 pola que se publica a baremación definitiva do tribunal cualificador do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso na categoría Grupo III Administrativo/a da Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada.

Por medio de Resolución do 27 de xullo de 2023 procedeuse á publicación da baremación provisional do tribunal cualificador do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso na categoría Grupo III Administrativo/a da *Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada*, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG para presentar reclamacións ante o propio tribunal contra a devandita baremación.

A citada baremación provisional foi publicada no DOG o 21 de agosto de 2023 (DOG núm. 157, do 21 de agosto de 2023)

En relación co anterior, o 15 de setembro de 2023, o Presidente do Comité executivo da *Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada*, certifica: *Que o anuncio de baremación provisional do proceso extraordinario de estabilización publicouse no dogo nº 157 de 21 de agosto de 2023. Transcurrido o prazo de 10 días para a presentación de reclamacións non se recibiu ningunha.*

Tendo en conta o anterior, e unha vez finalizado o prazo de reclamacións contra a baremación provisional, polo referido tribunal, na súa sesión do 20 de setembro de 2023, adoptaron os seguintes,

ACORDOS

Primeiro, Baremación Definitiva

Tendo en conta que non se presentaron reclamacións á baremación provisional, aprobar a baremación definitiva da persoa aspirante para o ingreso na categoría Grupo III Administrativo/a da *Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada*, segundo expone a continuación:

Baremación definitiva

Nome	DNI	Base III.1.1.1.a).a)	Base III.1.1.1.a).b)	Base III.1.1.2).a)	Base III.1.1.2).b)	Total
José Manuel Bouzas Blanco	***7027**	70		12		82

Segundo, Publicación

Proceder, ao abeiro do establecido na base III.3 da convocatoria, á publicación da baremación definitiva da persoa aspirante á indicada praza na páxina web www.feiradomoble.gal e no DOG.

Terceiro, Recurso de Alzada

Ao abeiro do establecido na base IV.13 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal ou comisión de valoración do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que contra a baremación definitiva, poderase formular Recurso de Alzada nos termos establecidos na indicada normativa ante a *Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada* no prazo dun MES desde a publicación no DOG da devandita baremación.

Cuarto.- Proposta de superación do proceso selectivo



De acordo con todo o anterior, e sen prexuízo da posible formulación de Recursos de Alzada, o Tribunal propón como persoa que superou o proceso selectivo para o ingreso na categoría Grupo III Administrativo/a da *Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada* e coa puntuación que se indica, a:

Nome	DNI	Puntuación Total
José Manuel Bouzas Blanco	***7027**	82

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela
Laura Suárez Fernández
Presidenta del Tribunal cualificador

